

Identidade, ethnografía e museos

O PATRIMONIO XOGOU UN PAPEL determinante nos proxectos nacionalitarios europeos. Ora ben, cando xurdiu o concepto de *nación*? Acaso existía antes do século XVIII? Non, non no seu sentido político. Concibiuse daquela como unha comunidade ampla e unida por lazos que xa non eran os do Antigo Réxime. Nin o soberano, nin a relixión, nin a pertenza a un mesmo estamento social pautaban xa as relacións. Pola contra, o pasado e os vínculos culturais adquiriron, dende o inicio, un marcado protagonismo. Non obstante, nesa altura, a única fonte de lexitimación dispoñible era a antigüidade clásica e esta non era adecuada para afirmar a pluralidade das fontes europeas. Ensaíáronse distintas alternativas.

Europa, un vasto obradoiro

En París, en 1792, creouse o Museo dos Monumentos Franceses. As salas organizáronse como un aparato de reconstrución historicista. Cada unha dedicábase a un século e os fondos medievais adquiriron especial relevancia. De feito, este foi o repertorio que singularizou a institución fronte ao Louvre, onde lucían as grandes obras grecolatinas. O museo era a único integramente consagrado á historia de Francia e, en consecuencia, as fontes bárbaras afirmáronse como garante

de acceso á identidade nacional. Non por casualidade foi tamén sede da Academia céltica, unha sociedade científica que, para gloria da patria, tiña como misión investigar a lingua e os antecedentes galos.

Pero o caso francés non foi illado. En realidade, nos séculos XVIII e XIX, Europa enteira era un vasto obradoiro de experimentación identitaria. A empresa atopou unha vía propia de representación e filiación: o *pobo*. Este pasou a considerarse o depositario fiel dunha tradición milenaria e diversa. O fundamento máis antigo das nacións emprazouse precisamente alí onde antes só se vira ausencia de cultura.

No campo museal o maior impulso veu coa exposición internacional de 1878. A sección sueca achegou o modelo. O seu comisario, Artur Hazelius, abriu en 1880 o Nordiska Museet, os fondos eran obxectos da cultura popular sueca. A partir deste momento a lista de museos ou seccións de ethnografía nacional que se fundaron en Europa foi en aumento.

Toda esta actividade deuse en paralelo á formación de sociedades de ethnografía, como a Folklore Society londiniense, instituída en 1878, e El Folk-Lore Gallego, creada na Coruña en 1883. A posterior actividade do Seminario de Estudos Galegos (SEG) tamén se pode englobar neste marco.



📍 Retrato de Víctor Said Armesto na súa época de estudante, 1893-1898, Madrid.

O autor realizou o groso das súas achegas no campo da literatura. De feito, ocupou a primeira cátedra universitaria de Literatura galego-portuguesa que se creou. Porén, no seu afán por recompilar as fontes e o vocabulario da tradición popular fixo tamén importantes achegas á etnoloxía. Os debuxos que expoñemos en NUMAX son da súa autoría.

Como se construíu e prestixiou a etnografía en Galicia?

A MEDIADOS DO SÉCULO XIX DESPUNTOU en Galicia o interese pola cultura popular. En xeral, identificouse co mundo labrego. Dous aspectos contribuíron a este afán: a urxencia por documentar unha tradición en claro retroceso e a procura das orixes. De feito, na produción de Murguía as fontes populares acadaron un valor gnoseolóxico determinante e cimentan, en gran medida, a súa teoría celtista do pobo galego.

No plano institucional o interese reflectiuse na creación da sociedade El Folk-Lore Gallego. O percorrido desta organización serviu para definir a disciplina etnográfica. Os seus integrantes promoveron un detallado cuestionario que foi o primeiro realizado en Galicia. A lingua, a literatura e os costumes populares eran os aspectos que máis atención demandaban.

Con todo, tamén é importante observar que entre as iniciativas que proxeccionaron estaba a creación dun museo *xenuinamente galego*. A institución non chegou a concretarse pero, ao parecer, constituía unha aspiración irrenunciábel e mesmo naturalizada. Na nosa contorna, as Exposicións Rexionais propiciaron xa algúns movementos en pro da creación dun Museo Galego. E na mesma época, a Sociedade Económica de Amigos del País impulsou tamén varias experiencias na mesma liña. A falta de apoio por parte da administración fixo que o éxito das propostas fose sempre efémero. Ora ben, o que se estaba a facer noutros lugares tamén tiña importancia. Os intercambios internacionais formaban parte da axenda de El Folk-Lore Gallego. Pardo Bazán, como presidenta, tivo, por exemplo, ocasión de visitar o Museo Etnográfico do Trocadero en París.

Non obstante, houbo que esperar aínda varias décadas ata que un museo etnográfico vise a luz. Foi xa no marco das actividades desenvolvidas polo SEG. A colección instalouse na súa sede.






Nesta nova época os estudos da especialidade pasaron a formar parte do organigrama científico. O traballo de campo foi enorme. Pero a labor quedou truncada coa sublevación militar de 1936.

Os debuxos de Víctor Said Armesto
Víctor Said Armesto (1871-1914) foi un intelectual polifacético. As investigacións máis relevantes realizounas no campo da literatura. En sentido estrito, non pode ser considerado etnógrafo, pero nos seus esforzos por recompilar literatura oral, música e vocabulario *rústico* fixo importantes achegas á disciplina. Con todo, cómpre matizar que nese momento a etnografía non era aínda en Galicia unha actividade profesionalizada, comezou a selo a partir de 1923, o ano no que se fundou o SEG.

Entre 1899 e 1910 realizou varias campañas e reuniu sobre o terreo abundante material. Salvo excepcións, os seus colegas non recollían directamente os datos cos que traballaban. As máis das



📍 **Museo Etnográfico do Seminario de Estudos Galegos no salón artesoadado Fonseca, 1923/1936.** Tras a sublevación militar tanto o Seminario como o seu museo foron incautados. Os fondos que se conservan están hoxe dispersos entre as dependencias do CSIC, a USC, o Museo do Pobo Galego e o Museo de Pontevedra.



📍 **Bocexos de campo realizados por Víctor Said Armesto ao redor de 1910. Lapis sobre papel. 15,5 x 21 cm, 21 x 15,5 cm e 15,5 x 10,5 cm.** Na época en que foron tomados estes apuntamentos era excepcional que os estudosos se

ocupasen da cultura material popular. As papeletas conservadas na Fundación Barrié inclúen máis debuxos e notas sobre as variedades dialectais. Biblioteca da Fundación Barrié.

📍 **Mapa de Galicia de Víctor Said Armesto cos percorridos realizados polo autor nas súas xeiras de investigación. Finais do s. XIX-comezos do s. XX. 22 x 32,5 cm.** Entre 1899 e 1910 o intelectual realizou varias campañas de campo. Na época as dificultades eran enormes. Non obstante, o material que recolleu foi moi abundante. Só na última destas expedicións documentou 187 romances, un gran número de cancións (con música e letra), lendas varias e uns 300 vocábulos.

Biblioteca da Fundación Barrié.

vezes os investigadores europeos aproveitaban a información que lles facilitaban viaxeiros, persoal do servizo, etc. Os cuestionarios indirectos, como o elaborado polo Folk-Lore Gallego, eran outros dos métodos empregados. Distribuíanse entre xente con formación: médicos, mestres, cregos, etc. Con todo, a fórmula presentaba problemas: non sempre se lograba obter resposta, a veracidade da información dependía moito do intermediario e perdiase, habitualmente, o contexto no que esta fora recadada. Por iso acabou imponéndose a idea de que o mellor era tomar en primeira persoa a información. Pero trasladarse ás aldeas e establecerse requiría tempo, medios e salvar as dificultades dos camiños. Os

esforzos de Said Armesto foron pioneiros e encomiables. Os debuxos que presentamos en NUMAX forman parte do traballo levado a cabo polo autor nestas xeiras. A súa singularidade reside en varios aspectos. En primeiro lugar, cómpre salientar que o feito de que os estudosos se ocupasen da cultura material era excepcional. Os apuntamentos en cuestión están entre os primeiros exemplos dun repertorio que logo chegou a identificar a disciplina en Galicia. Na Librería NUMAX exhibense cinco papeletas, aínda que na Fundación Barrié se conservan quince. Ademais das notas sobre o malle, o fiandón, o arado e o carro hai tamén varias sobre o muíño e o forno.



📺 **Fotogramas da película *O carro e o home*, realizada por Xaquín Lorenzo e Antonio Román en 1940. Lobeira, Ourense. B/N, 11 min.** O carro é un dos elementos patrimoniais que máis atención recibiu no campo da antropoloxía galega. Hoxe en día constitúe un símbolo identitario consolidado. Sucesivas achegas contribuíron á súa construción como tal.

Museo do Pobo Galego.

En segundo lugar, cabe tamén destacar que a práctica de relacionar sobre o papel palabras e cousas foi un método desenvolvido nas décadas posteriores. A súa difusión atribúese ao alemán Fritz Krüger, que viaxou polo noroeste peninsular e exerceu unha notable influencia nos investigadores do SEG e, nomeadamente, en Xaquín Lorenzo. Os traballos gráficos deste último seguen a ser un exemplo no eido da cultura material galega. Coñecía Lorenzo estes apuntamentos?

Por último, queremos subliñar a importancia que Saíd Armesto lle prestou ao carro. Dedicoulle cinco dos esbozos conservados na Fundación Barrié. Estamos ante a creación dun símbolo? Uns anos despois Federico Maciñeira fixo un estudo monográfico sobre este mesmo elemento. Os seus debuxos eran minuciosos e detallados. O primeiro traballo de Xaquín Lorenzo e a súa disertación de entrada no SEG foron tamén sobre o carro. E incluso unha das súas achegas máis modernas: a película *O carro e o home*. Hoxe a roda do carro é o emblema do Museo do Pobo Galego.



📺 **Tractorada polo prezo do leite, Santiago, 2015 / Encoro de Santo Estevo, Ribeira Sacra, 2013.** Hoxe moitas coleccións etnográficas responden a un modelo agrorromántico fosilizado. Porén, o mundo rural nin é exclusivamente agrario nin permanece alleo ás tensións contemporáneas. A paisaxe está atravesada, por exemplo, por hidroeléctricas e polo mercado internacional. Os proxectos que repensan estas cuestións son escasos pero socialmente interesantes.

Fotos: Sabela Pato

Nos anos setenta entraron en escena a antropoloxía social e cultural, fundouse o Museo do Pobo Galego, abriuse logo o Museo Etnolóxico de Ribadavia e, finalmente, unha vintena de coleccións locais. Porén, moitas das propostas responden a un modelo de patrimonialización idealizado. Recrean unha visión na que, por exemplo, o rural se equipara a un mundo agrario sempre fosilizado e carente de tensións. Acaso procesos como a emigración e a industrialización non atravesaron tamén o agro?

Do que non queda dúbida, tal e como afirma Anne-Marie Thiesse, é de que a volta ás orixes foi unha obra de vangarda e non un acontecemento espontáneo. Na actualidade as circunstancias son outras.

Textos: Sabela López Pato
Para máis información e referencias bibliográficas: www.numax.org

FÓRA DOS MUSEOS

6 pezas deslocalizadas na Librería NUMAX
Marzo-novembro 2018

Coa colaboración de:
Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense,
Museo das Peregrinacións e de Santiago,
Museo Massó,
Fundación Barrié,
Museo do Pobo Galego e Museo de Pontevedra

Comisaría:
Sabela López Pato
Coordinación:
NUMAX /
Sabela López Pato

Deseño de mobiliario:
domohomo

Produción, imaxe e comunicación:
NUMAX

Construción metálica:
Galanas

Metacrílate e soporte:
Rótulos Visión
Marcos Asorey

Electricidade:
Instalacións Cepa
Pérez Antolín

Seguros:
AON

Rotulación:
Agencia Gráfica

Durante 8 meses a Librería NUMAX amosará, de xeito sucesivo, 6 pezas de diferentes museos e coleccións de Galicia.

FÓRA DOS MUSEOS quere convidar á reflexión sobre estas institucións, achegarse á súa orixe, indagar nas súas problemáticas e analizar que tipo de obxectos custodian. Persoas expertas do campo museográfico galego presentarán cada peza ao inicio da súa exhibición.

Por que este proxecto?

Porque amamos os obxectos e porque a protección da nosa cultura material depende en gran medida dos museos. Porque os museos deberían formar parte das axendas sociais, culturais e políticas. E porque, como sinalou Jean-Marie Straub, «facer a revolución é tamén poñer no seu sitio cousas moi antigas pero esquecidas».

- 01** 13.03-16.04
Como naceron os museos galegos?
- 02** 17.04-21.05
Onde gardamos a memoria?
- 03** 22.05-25.06
Quen habita en nós?
- 04** 26.06-03.09
Que acontece coa arte do exilio?
- 05** 04.09-08.10
Que facemos coa Virxe?
- 06** 09.10-12.11
E o noso patrimonio industrial?

NUMAX
www.numax.org

Co apoio da
 Deputación DA CORUÑA